

SELECCIÓN DE OBRAS

12 obras por nivel; 3 por grupo

1º ESO: O corpo fértil

Desde a Prehistoria, a capacidade reprodutiva dos corpos femininos foi admirada pero tamén condicionou a maneira de velos, representando ás mulleres como deusas da fertilidade ou corpos sometidos a esa función.

1ºA

- *Venus de Lespugue*
- *Muller sentada de Çatalhöyük*
- *Mare de Déu de l'Esperança* (Museo de Girona, s. XV)

1ºB

- *Venus de Willendorf*
- *Estatuíña de terracota de muller sostendo os seus peitos. Ishtar, deusa da fertilidade* (Susa, Irán, Museo do Louvre)
- *Virxe embarazada* (Catedral de Toro, Zamora)

1ºC

- *Venus de Dolní Věstonice*
- *Isis amamentando a Horus* (332-330 a.C., The Metropolitan Museum, Nova York)
- *Estatuíña de Deméter* (Museo Arqueolóxico de Milán)

1ºD

- *Venus de Lauscel*
- *Raíña da noite ou Relevo Burney* (Deusa Ishtar, Babilonia)
- *Madonna do parto* (Piero della Francesca)

2º ESO: O corpo sometido

Ao longo da Historia, a muller ocupou un papel secundario na sociedade. A súa valía persoal quedou relegada á función do seu corpo, xa fose como obxecto de desexo ou como xeradora de vida. O corpo da muller foi convertido en obxecto e sometido ás tendencias estéticas de cada época, incluíndo prácticas incómodas ou prexudiciais para a saúde. Son os absurdos das modas e os estereotipos de beleza, que a pesares de variar a cada tempo e lugar, a súa imposición seguen a condicionar os nosos corpos.

2ºA

- *Retrato de Simonetta Vespucci (Boticelli)*. Considerada icono da beleza renacentista, a súa palidez e aspecto etéreo débese a que padecía unha enfermidade da que morrerá sendo moi nova.
- *As tres gracias (Rubens)*. Obra moi coñecida e admirada na Historia da Arte, amosa mulleres espidas para a súa contemplación. A día de hoxe non corresponden co noso ideal de beleza, porén o resultaron durante moito tempo, o que evidencia como mudan os gustos e percepcións estéticas.

2ºB

- *Gioconda (Leonardo da Vinci)*. Algunha vez pensache porque as mulleres desta época teñen unha beleza tan diferente á actual? A resposta está nas modas en cosmética e beleza; así no Renacemento depilábanse completamente as pestañas, cellas e mesmo a liña de cabelo para simular unha fronte máis despexada. Cuestión de modas... por certo que a depilación era con ácidos, arsénico ou cal, resultando moi perigosa e agresiva.

- *Retrato de Ana de Austria (Sofonisba Anguissola)*. O vestido de Ana é realmente fastuoso pero imposible para moverse con el, de feito as gorgueiras de encaixe imposibilitaban que poidera xirar o pescozo para poder ver sen dificultades.

2°C

- *Retrato de Isabel de Valois (Sofonisba Anguissola- Pantoja de la Cruz)*. Observemos retrato dunha muller poderosa: amosase con esquisitas xoias e vestimentas, porén a cuestión sería pensar, que mobilidade e liberdade de movementos ten esta muller? Non será un obxecto portador de xoias na vez que unha persoa que debe valerse por si mesma?
- *Fotografía de muller con corsé (s.XIX)*. (O corsé foi unha popular prenda que afinaba a cintura e realzaba o peito, recreando unha silueta irreal que martizaba as mulleres que o portaban. Deixamos enlace con fotos a escoller: <https://www.gettyimages.es/fotos/corset-1800s>

2°D

- *Fotografías mulleres padaung (cultura Myanmar)*. A escravitude dos estereotipos de beleza que someten os corpos foi e segue a ser unha práctica que se estende por toda a Historia e toda a Xeografía. Como exemplo as chamadas “mulleres xirafa” que condicionan a súa saúde e mesmo a vida por unha práctica que no presente segue vixente polo capricho turístico de observar estes corpos deformados.

- *Fotografías de mulleres chinas tras a práctica dos pés vendados.* Na China tradicional as mulleres vendaban os pés para evitar o seu crecemento e cumprir así cos estereotipos de beleza; no presente hoxe pode sorprenden pero acaso non faremos hoxe nada que desafíe a nosa saúde e benestar, por estar a moda?

3º ESO: O corpo observado. "Míranos"

O corpo da muller foi representado espido en numerosas ocasións, mentres os homes aparecen vestidos e en posicións de poder. Estas representacións, xustificadas como metáforas artísticas, fan necesario preguntarnos: é imprescindible desposuír á muller das súas roupas para expresar ideas alegóricas?

3ºA

- *O estudo do pintor* (Courbet)
- *A Venus do espello* (Velázquez)
- *Concerto campestre* (Giorgione)

3ºB

- *Saartjie Baartman, La belle Hottentote* (1900)
- *A gran odalisca* (Ingres)
- *O pecado* (Franz von Stuck)

3ºC

- *Unha escrava en venda* (José Jiménez Aranda)
- *Susana e os vellos* (Artemisia Gentileschi)
- *O almuerzo sobre a herba* (Manet)

3ºD

- *A casta Susana* (Francisco Maura y Montaner)
- *A maja desnuda* (Goya)
- *As señoritas de Avignon* (Picasso)

4º ESO: "Somos corpos". Auto percepción e arte contemporánea

Nas últimas décadas, a muller emancipouse da representación masculina, reflexionando sobre si mesma e o seu corpo. Este pasa de ser un obxecto pasivo a converterse en ferramenta de expresión e denuncia. Pero, seguimos realmente liberadas ou os nosos corpos seguen a estar sometidos a presións externas?

4ºA

- *Do Women Have To Be Naked To Get Into the Met. Museum?* (Guerrilla Girls, 1989)
- *Teño un dragón dentro do corazón* (Carlota Guerrero)
- *Hatstand, Table and Chair* (Allen Jones, 1969) → [Información sobre a obra](#)

4ºB

- *Unos cuantos piquetitos* (Frida Kahlo) → Esta obra denuncia un crime machista. As titoras tamén poden incorporar outras obras de Kahlo relacionadas coa dor dun corpo incapaz de xestar, como *O aborto* ou *Cama voando*.
- *Cirurxía plástica* (Orlan)
- *Estos me los dio la ceiba, su aire y su nací dan vida* (Marta María Pérez Bravo, 1986) → A fotógrafa usa o seu corpo para

reflexionar sobre a maternidade e a concepción. [Máis información](#)

4°C

- *The Complete Untitled Film Stills* (Cindy Sherman)
- *Saint Barbie* (Mark Ryden, 1994) → [Ver obra](#)
- **Análise da publicidade actual** → Exemplos de campañas machistas:
 - *Good Girl* de Carolina Herrera → [Artigo en Educagenero](#)
 - *Tom Ford for Men* → [Sobre a campaña](#)
 - Reflexión sobre publicidade sexista → [Información en El Feminismo](#)

4°D: Propostas de obras

- *Nan Goldin, Self-Portrait in Kimono with Brian* (1983) → A fotógrafa documenta a súa propia vida, rompendo cos estándares de beleza convencionais.
- *Marina Abramović, Art Must Be Beautiful, Artist Must Be Beautiful* (1975) → Reflexión sobre como a muller é obrigada a encaixar nunha idea de beleza imposta.
- *Yayoi Kusama, My Eternal Soul Series* → Serie de autorretratos abstractos onde a artista explora a súa identidade e saúde mental.